

Esta Programación Didáctica (PD) está deseñada para o 6º curso da Educación Infantil, e ten por finalidade contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia. Cómpre manifestar que, neste centro, o curso de 6º de infantil constitúe unha aula de 8 alumnos/as, a maioría galegofalantes, de modo que seguindo á Instrución para aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, a lingua vehicular que como titora emprego na aula é o galego, ao igual que o resto do profesorado especialista do grupo.

En canto ás NEAE da aula hai salientar que os contidos das Unidades Didácticas (UD) serán presentados e adaptados ás súas necesidades, especialmente as dos dous alumnos que presentan NEE.

Ao longo do vindeiro curso, abordamos tres UD, unha por cada trimestre, onde traballamos de maneira globalizada as áreas de comunicación e representación da realidade, crecemento en harmonía e descubrimento e exploración da contorna. Todo isto, a partir de experiencias significativas e actividades motivadoras

Traballaremos as **competencias** establecidas na LOMLOE e perseguiremos os seguintes **obxectivos**:

- Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as

súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.

- Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.
- Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.
- Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.
- Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.
- Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.
- Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva
- Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e eco-socialmente responsable.

- Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos. Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.
- Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.
- Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.
- Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.

Os **contidos** estarán distribuídos en bloques:

- Intención e interacción comunicativa
- As linguas e os seus falantes
- Comunicación verbal oral. Comprensión-expresión-diálogo
- Aproximación á linguaxe escrita

- Aproximación á educación literaria
- Linguaxe e expresión musical
- Linguaxe e expresión plástica e visual
- Linguaxe e expresión corporal
- Alfabetización dixital
- corpo e o control progresivo deste
- Hábitos de vida saudable para o autocoidado e o coidado da contorna
- Interacción socioemocional na contorna. A vida coas demais persoas
- Diálogo corporal coa contorna. Exploración creativa de obxectos, materiais e espazos
- Experimentación na contorna. Curiosidade, pensamento científico e creatividade
- Indagación no medio físico e natural. Coidado, valoración e respecto
- Descubrimento e participación na contorna social. Relacións, servizos e actividades culturais

Estes contados estarán organizados a súa vez en tres grandes **Unidades didácticas**:

- A cegoña
- Corpo humano
- A prehistoria

Empregaremos en todo momento unha **metodoloxía** activa baseada no **DUA**, que nos permita atender ás necesidades que presenten os nosos alumnos e alumnas, cooperativa, lúdica e multinivelada, que parta sempre dos

coñecementos previos das nosas alumnas e alumnos a partir dos que poidan construír as súas propias aprendizaxes significativas.

A **avaliación** da aprendizaxe do será global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos. A cualificación estará marcada pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación (sen dificultade, en proceso, con dificultade), en función do grado de consecución observado pola mestra .

Esta programación é un elemento flexible, que debe adecuarse sempre á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O **seguimento** da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente.